



## GASTOS

Deputación



### III. GASTOS

#### III.2.1. TOTAL DEPUTACIÓN/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 486,8 millóns de euros e un incremento do 4,2%.

#### Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Sínálanse aquí os cambios máis salientables respecto do orzamento de 2014.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria subiu 19,5 millóns respecto á cifra de 2014 para o orzamento suma dos catro provinciais.

En primeiro lugar destaca un cambio producido na consignación dun gasto financeiro, que foi o que maior variación tivo respecto a 2014. Obsérvase un incremento de 24,5 millóns de euros que experimentou o capítulo VIII de variación de pasivos financeiros, capítulo que pasou dos 3,3 millóns aos 27,9 de 2015, o que representa unha taxa do 727% de variación anual, é dicir, multiplica por oito veces o seu dato do ano 2014. Isto provocou unha ganancia de cinco puntos porcentuais na estrutura de gastos.

Este importante crecemento tivo a súa orixe soamente no orzamento da deputación da Coruña, na que ademais de consignar como o resto dos anos os anticipos de pagamentos ao persoal, consignan por primeira vez 25 millóns de concesión de préstamos ás entidades locais, para o plan de aforro e investimento a xestionar o servizo de planes. Isto provoca un cambio importante na súa estrutura de gastos, xa que este capítulo VIII aumenta en 15 puntos porcentuais a súa porcentaxe sobre o total, ademais do cambio de modelo de financiamento que significa para as entidades locais, os concellos.

En segundo lugar destacan os incrementos das transferencias, tanto de capital, destinadas ao financiamento de investimentos, como as correntes, capítulos IV e VII.

Así, as transferencia de capital, destinadas na súa maior parte ao financiamento dos Plan de Obras e servizos das entidades locais, POS dos concellos, e transferencia de capital internas achegadas ás entidades que consolidan os seus orzamentos cos das deputacións, presenta un incremento de 20,8 millóns de euros, que representa unha taxa do 83% interanual, e cinco puntos porcentuais máis na estrutura de gastos, no orzamento suma dos catro orzamentos provinciais, pasando dos 25 millóns aos 45,9 millóns de 2015.

Neste caso o incremento tivo lugar nos catro orzamentos, sendo no de Pontevedra no que o crecemento tivo maior proporción, xa que pasou de 4,8 millóns aos 15,6 millóns de 2015, que máis que triplica a cifra de 2014, que representa unha taxa do 222%, que así mesmo implica unha suba importante no seu peso na estrutura de ingresos con 7,2 puntos porcentuais máis.

**TOTAL DEPUTACIÓN  
ORZAMENTO DE GASTOS**

CAPITULOS	2014		Increm. % Interanual	2015	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
	(euros)				
<b>OPERACIONES NON FINANCIERAS</b>					
I. Gastos de Personal	132.337.862	28,3%	0,1%	132.499.845	27,2%
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	93.044.766	19,9%	-4,9%	88.504.452	18,2%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	225.382.629	48,2%	-1,9%	221.004.297	45,4%
III. Xuros	3.714.852	0,8%	-37,7%	2.315.805	0,5%
IV. Transferencias Correntes	73.480.520	15,7%	13,3%	83.235.679	17,1%
V. Fondo continxencia e imprevisión	4.160.000	0,9%	16,0%	4.825.000	1,0%
<b>Operacións Correntes</b>	<b>306.738.001</b>	<b>65,6%</b>	1,5%	<b>311.380.780</b>	<b>64,0%</b>
VI. Inversións Reais	85.933.280	18,4%	-13,0%	74.785.140	15,4%
VII. Transferencias de Capital	25.087.058	5,4%	82,8%	45.858.359	9,4%
<b>Operacións de capital</b>	<b>111.020.338</b>	<b>23,8%</b>	8,7%	<b>120.643.499</b>	<b>24,8%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>417.758.339</b>	<b>89,4%</b>	3,4%	<b>432.024.279</b>	<b>88,7%</b>
<b>OPERACIONES FINANCIERAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	3.371.693	0,7%	727,2%	27.889.868	5,7%
IX. Variación Pasivos Financeiros	46.206.265	9,9%	-41,8%	26.883.231	5,5%
<b>Operacións financeiras</b>	<b>49.577.958</b>	<b>10,6%</b>	<b>10,5%</b>	<b>54.773.099</b>	<b>11,3%</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>467.336.298</b>	<b>100%</b>	4,2%	<b>486.797.379</b>	<b>100%</b>

En Ourense tamén tivo unha gran proporción, xa que case triplica a súa cifra de 2014, pasando de 1,2 aos 2,9 millóns de euros, que lle representa unha taxa de variación anual do 136%.

En Coruña o incremento foi de 7 millóns, o 51,5%, que lle leva a ganar 3,4 puntos na estrutura de gastos. Foi en Lugo onde o crecemento foi menor en porcentaxe, co 23,6% e 1,4 puntos máis na porcentaxe sobre o total dos seus gastos.


No que se refire ás transferencias correntes, nas que unha das partidas de maior relevancia son as achegas ás entidades provinciais, Sociedade Urbanística Provincial (SUPLUSA), Fundación TIC e Consorcio Provincial de extinción de incendios, na Deputación de Lugo. Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (IN.ORD.E), na Deputación de Ourense; e Escola Universitaria de Enfermería, na Deputación de Pontevedra.

Neste capítulo IV a suba foi de 9,8 millóns para a suma dos careos orzamentais e un 13,3% porcentual, pasando dos 73,5 aos 83,2 millóns, que elevou en 1,4 puntos porcentuais o seu peso na estrutura de gastos.

Este crecemento tivo lugar en tres dos orzamentos provinciais, xa que no da Coruña experimentou unha diminución interanual do 5,9%.

No de Pontevedra foi onde o capítulo de transferencias correntes mostrou a maior variación, con case dez millóns máis ca en 2014 e unha taxa do 48,5%, que así mesmo lle provocou unha suba de seis puntos porcentuais na porcentaxe de destinados do seu total de gastos, achegándose este tipo de transferencias a representar xusto a quinta parte do seu orzamento.

Se ata agora sinaláronse os cambios á alza máis altos no orzamento de 2015 respecto ao de 2014, comentaranse a continuación aqueles cambios que se produciron con minoracións de maior importe e/ou proporción.



O capítulo IX no que se consignan as amortizacións da débeda da entidade experimenta un amplo descenso, cun importe de redución case igual ao aumento global da cifra orzamentaria do orzamento inicial de 2015 das catro deputacións. Tivo, por tanto unha diminución de 19,2 millóns de euros, un 41,8% de taxa interanual de caída, coa conseguinte minoración da porcentaxe deste capítulo sobre o total, que baixou en 4,4 puntos.

Esta minoración do capítulo IX tivo a súa orixe en tres dos orzamentos provinciais, xa que no de Pontevedra non tivo variación.

No orzamento coruñés, a diferenza estriba en que no orzamento de 2015 non consigan ningún importe neste capítulo no que en 2014 tiñan 16,2 millóns de cifra inicial e unha porcentaxe do dez por cento sobre o seu total de gastos.

En Ourense tamén se observa unha diminución significativa, aínda que parten dun importe de capítulo IX menor. En concreto tivo unha taxa de minoración do 36% e un descenso en termos absolutos de 1,8 millóns de euros, que minora en 2,6 puntos porcentuais a súa porcentaxe sobre o total de gastos.

En Lugo a variación foi menor tanto en euros, como en taxa de variación interanual como na variación de porcentaxe sobre o total de gastos.

Outro dos cambios salientables foi a redución do capítulo VI de investimentos reais, que para o orzamento suma dos catro, pasou dos 85,9 aos 74,8 millóns de euros; isto é 11,1 millóns de baixada, o -13% de taxa de variación anual, que provoca que teñan 3 puntos menos de porcentaxe sobre o total do orzamento.

O que reflicte esta variación xunto ás anteriores observadas, sobre todo nos incrementos experimentados nos capítulos VIII (sobre todo na Coruña) e no capítulo VII de transferencias para o financiamento dos investimentos, dos Plans de Obras e servizos dos concellos, é un modelo distinto de achegas aos concellos para que acometan as súas obra de infraestruturas.

Este cambio de modelo obsérvase claramente no orzamento da Deputación de Pontevedra, no que o capítulo VI, descende en 15,6 millóns, nun 46%, reducindo en case 11 puntos a súa porcentaxe sobre o total de gastos, e como xa se viu foi un dos orzamentos nos que o capítulo VII tivo maior crecemento. É dicir, visualízase un cambio consistente en minorar os investimentos reais levados a cabo pola propia corporación provincial e trasladando parte das súas achegas ao capítulo VII, no que a maior partida son as transferencias aos concellos para o financiamento do Plan de obras e servizos provinciais (POSP), que así mesmo figura no seu programa 942 no grupo de programa transferencias a entidades locais.

Outro cambio significativo que se mostra na comparativa dos orzamentos destes dous anos, foi a redución dos gastos de compra de bens correntes e servizos, capítulo II, que experimenta unha minoración de 4,5 millóns, o 4,9% para o total dos gastos das catro deputacións, o que fai diminuír a súa porcentaxe sobre o total de gastos en 1,7 puntos, o que unido ao feito de que o capítulo I case non presenta variación, se produza unha minoración do agregado intermedio de gastos de funcionamento de case o 2% e que leva unha simultánea redución destes gastos na composición do total dos recursos, con 2,8 puntos menos, xa que pasan de representar o 48,2% ao 45,4% en 2015, que seguen a ser o principal destino dos gastos das corporacións locais en xeral e tamén das provinciais.


O capítulo II minorouse nos catro orzamentos, aínda que foi nos de Pontevedra e Lugo onde as reducións tiveron maior importe e taxa de variación, con 2,3 millóns menos e un -8% de taxa de variación en Pontevedra e 1,1 millóns e o 6,8% de taxa en Lugo, que en ambos orzamentos diminuíron en máis dun punto a súa porcentaxe sobre o total. En Coruña malia que a súa redución non foi tan significativa, do 2,4%, este capítulo é o que ten a menor porcentaxe sobre o total das catro e inferior ao da media, xa que coa diminución de 1,6 puntos ten o resultado de que do total dos seus gastos o 14,2% se destina ao pagamento de compra de bens correntes e servizos, cando a media das catro corporacións provinciais está en 18,2%.

### Principais características da estrutura de ingresos

ESTRUTURA DE GASTOS		
TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE GASTOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	417.758.339	89,4%
Operacións correntes	306.738.001	65,6%
Operacións de capital	111.020.338	23,8%
Operacións financeiras	49.577.958	10,6%
<b>TOTAL</b>	<b>467.336.298</b>	<b>100,0%</b>
GASTOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	225.382.629	48,2%
Xuros (III)	3.714.852	0,8%
Transferencias correntes (IV)	73.480.520	15,7%
Fondo continxencia e imprev (V)	4.160.000	0,9%
Operacións de capital (VI, VII)	111.020.338	23,8%
Operacións financeiras (VIII, IX)	49.577.958	10,6%
<b>TOTAL</b>	<b>467.336.298</b>	<b>100,0%</b>

Unha vez comentados os cambios de maior importe respecto do ano 2014, se sintetizan a grandes trazos a composición dos orzamentos de gastos e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:

- O 88,7% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 432 millóns de €, e que como xa se comentou tivo unha diminución desde 2014, motivada sobre todo polo alto crecemento do capítulo de variación de pasivos financeiros, capítulo VIII, polo que o seu peso relativo diminúe levemente. Os principais compoñentes, á súa vez son:
  - O 64% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 311,4 millóns de €, cifra que é maior á de 2014, aínda que ao creceren por debaixo da cifra total reduce en 1,6 puntos porcentuais a súa presenza na composición dos gastos.
  - O 24,8% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 120,6 millóns de €, que como xa se comentou incrementase respecto ao ano 2014, que fai subir a súa porcentaxe no total de gastos nun punto.
- O 11,3% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un crecemento interanual moi elevado, multiplicando por 8 o importe de 2014 o capítulo VIII, que malia redución dos pasivos financeiros nun 42% levaron a que o agregado de operacións financeiras medrara nun 10%. Como o seu crecemento foi moi superior ao total dos gastos, o seu peso relativo na estrutura de gastos medrou 7 décimas, polo que se repite a tendencia desde o ano 2012 e vai ganado peso na estrutura de gastos.



A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

O orzamento da Coruña é o que presenta a menor porcentaxe de operacións non financeiras, xa que as financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 15%, superior en 4 puntos á porcentaxe media que presenta este agregado para o orzamento total das catro deputacións.

No outro extremo, o orzamento ourensán é o que presenta unha maior porcentaxe de operacións financeiras, co 95%, nos que os gastos destinados a operacións correntes, aínda que inferior ao do ano anterior segue a ser o de maior porcentaxe sobre o total de gastos das catro deputacións, co 69,2% do total, mentres que a media para o total das catro se sitúa no 65,6%.

O orzamento de Lugo que como en anos anteriores, segue a presentar a porcentaxe de gastos destinados a operacións correntes máis baixo das catro, co 62,4%.


No que atinxe aos gastos de capital, investimentos reais e transferencias, obsérvase que os orzamentos de Lugo e Ourense son os de maior porcentaxe, en ambos casos ao redor do 26%.

No que se refire aos Gastos funcionamento servizos (capítulos I e II), que como se dicía presentaron unha diminución no total dos catro orzamentos, que implicaron que o seu peso porcentual pasara do 48,2 ao 45,4%, se observan diferenzas: no orzamento no que estes gastos estruturais teñen maior peso é no ourensán no que absorben máis da metade dos recursos orzamentarios, o 59% malia redución experimentada neste ano, e noutro extremo sitúase o orzamento da Coruña, que ten a porcentaxe máis baixa deste tipo de gastos, case 23 puntos porcentuais menos, xa que presentan unha porcentaxe inferior ao 40%.

As transferencia correntes que para a media de Galicia están preto do 16% do total, presentan tamén unha gran diferenza xa que en dúas deputacións representan máis da




quinta parte dos gastos, Coruña e Pontevedra, e noutro extremo o caso ourensán, no que non chega a representar nin a décima parte dos destinos dos seus recursos.



<b>ESTRUTURA DE GASTOS</b>				
	<b>DEPUTACIÓN DA CORUÑA</b>		<b>DEPUTACIÓN DE LUGO</b>	
<b>ORZAMENTO DE GASTOS (€)</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>%</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>%</b>
Operacións non financeiras	145.446.636	84,9%	79.427.001	88,8%
Operacións correntes	102.762.017	60,0%	55.807.745	62,4%
Operacións de capital	42.684.618	24,9%	23.619.256	26,4%
Operacións financeiras	25.887.464	15,1%	10.052.622	11,2%
<b>TOTAL</b>	<b>171.334.100</b>	<b>100,0%</b>	<b>89.479.623</b>	<b>100,0%</b>
<b>GASTOS A CORUÑA</b>		<b>%</b>		
Gastos funcionamento servizos (I, II)	62.650.353	36,6%	44.905.001	50,2%
Xuros (III)	20.000	0,0%	461.046	0,5%
Transferencias correntes (IV)	36.666.664	21,4%	10.141.698	11,3%
Fondo continxencia e imprevis (V)	3.425.000	2,0%	300.000	0,3%
Operacións de capital (VI, VII)	42.684.618	24,9%	23.619.256	26,4%
Operacións financeiras (VIII, IX)	25.887.464	15,1%	10.052.622	11,2%
<b>TOTAL</b>	<b>171.334.100</b>	<b>100,0%</b>	<b>89.479.623</b>	<b>100,0%</b>
	<b>DEPUTACIÓN DE OURENSE</b>		<b>DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA</b>	
<b>ORZAMENTO DE GASTOS (€)</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>%</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>%</b>
Operacións non financeiras	73.784.300	95,4%	133.266.343	89,7%
Operacións correntes	53.547.032	69,2%	99.163.986	66,8%
Operacións de capital	20.237.268	26,2%	34.102.357	23,0%
Operacións financeiras	3.541.306	4,6%	15.291.707	10,3%
<b>TOTAL</b>	<b>77.325.606</b>	<b>100,0%</b>	<b>148.558.050</b>	<b>100,0%</b>
<b>GASTOS OURENSE</b>				
Gastos funcionamento servizos (I, II)	45.790.857	59,2%	67.658.086	45,5%
Xuros (III)	1.047.669	1,4%	787.090	0,5%
Transferencias correntes (IV)	6.708.507	8,7%	29.718.810	20,0%
Fondo continxencia e imprevis (V)	0	0,0%	1.000.000	0,7%
Operacións de capital (VI, VII)	20.237.268	26,2%	34.102.357	23,0%
Operacións financeiras (VIII, IX)	3.541.306	4,6%	15.291.707	10,3%
<b>TOTAL</b>	<b>77.325.606</b>	<b>100,0%</b>	<b>148.558.050</b>	<b>100,0%</b>

### III.1. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2015 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos a que atenden os gastos. Clasifícanse por áreas de gasto (hai seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas.



Como o ano pasado a área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2015 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a “Actuacións de carácter xeral”, que por segundo ano constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 32% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas, tendo en conta que se trata de orzamentos sen consolidar.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos a actividades da Entidade local consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións públicas.

Nesta área consígnanse un total de 151 millóns de euros, que supón 23 millóns máis ca en 2014 (o 18% de taxa de incremento). A política de gasto de maior importe é a 92 Servizos de carácter xeral, con 57,3 millóns de euros e o 38% desta área de gasto e o 12% do total de gastos das catro deputacións, seguida pola política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria que chega a representar o 6,7% do total de gastos.

<b>CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos sen consolidar)</b>		
<b>Área</b>	<b>Política de gasto</b>	<b>TOTAL DEPUTACIÓNES</b>
<b>1</b>	<b>SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>	<b>44.389.231</b>
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	5.833.069
	15 Vivenda e urbanismo	6.716.282
	16 Benestar comunitario	23.426.241
	17 Medio ambiente	8.413.639
<b>2</b>	<b>ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.</b>	<b>66.213.122</b>
	21 Pensións	8.882.046
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.797.884
	23 Servizos Sociais e promoción social	37.588.145
	24 Fomento do Emprego	15.945.047
<b>3</b>	<b>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERI</b>	<b>67.439.010</b>
	31 Sanidade	2.641.741
	32 Educación	10.045.676
	33 Cultura	34.769.478
	34 Deporte	19.982.115
<b>4</b>	<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	<b>124.806.303</b>
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	12.807.934
	42 Industria e enerxía	2.121.430
	43 Comercio, turismo e PEMES	7.212.857
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	101.353.075
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	425.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	886.006
<b>9</b>	<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL</b>	<b>151.984.292</b>
	91 Órganos de goberno	10.872.211
	92 Servizos de carácter xeral	58.115.165
	93 Administración financeira e tributaria	32.220.093
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	50.776.824
<b>0</b>	<b>DÉBEDA PÚBLICA</b>	<b>24.538.622</b>
	01 Débeda Pública	24.538.622
	<b>TOTAL</b>	<b>479.370.580</b>

Este esquema reflíctese nos orzamentos de tres deputacións, mentres que no de Ourense, a área de gasto que reflicte maior peso segundo esta clasificación de gastos é a área 4 "Actuacións de carácter económico" co 30% do seu orzamento, e a 9 presenta o 20%.

No orzamento coruñés é onde a área 9 de gasto ten maior porcentaxe, estando preto do 40% do total.

Para o conxunto dos catro orzamentos, cun importe moi próximo ao do grupo 9, figura o 4, Actuacións de carácter económico, con 125 millóns de euros e o 26% tamén sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, a destinada ás infraestruturas, é a de maior importe das deste grupo nos catro orzamentos provinciais, con 101 millóns de euros en total e unha porcentaxe global do 21%. É no orzamento coruñés onde se reflicte o maior importe e porcentaxe desta política de gasto, que chega a absorber o 27% do total.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, esta a política de gasto 41 “Agricultura, gandería e pesca” con 12,8 millóns de euros e o 3% sobre o total, tendo a maior presenza e importe no orzamento de Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos preto do 5% do seu total.

A área de gasto de Produción de bens públicos de carácter preferente, área 3, contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida, e son a terceira finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputacións. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 67,4 millóns de euros, sendo a política de gasto de maior orzamento a dirixida a promoción da cultura, que representa máis do 50% da área de gasto e o 7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

2015 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
<b>1</b>	<b>SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS</b>	3.292.202	1,9%	10.808.466	12,9%	20.118.704	26,6%	10.169.859	6,9%	44.389.232	9,3%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	350.000	0,2%	2.633.726	3,1%	1.333.500	1,8%	1.515.843	1,0%	5.833.069	1,2%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0,0%	4.002.861	4,8%	0	0,0%	2.713.421	1,8%	6.716.282	1,4%
	16 Benestar comunitario	0	0,0%	150.000	0,2%	18.242.310	24,1%	5.033.931	3,4%	23.426.241	4,9%
	17 Medio ambiente	2.942.202	1,7%	4.021.879	4,8%	542.894	0,7%	906.664	0,6%	8.413.639	1,8%
<b>2</b>	<b>ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN</b>	27.657.937	16,1%	12.816.705	15,3%	3.898.684	5,1%	21.839.796	14,7%	66.213.122	13,8%
	21 Pensións	8.881.844	5,2%	0	0,0%	0	0,0%	202	0,0%	8.882.046	1,9%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.838.394	1,1%	1.055.290	1,3%	1.000	0,0%	903.200	0,6%	3.797.884	0,8%
	23 Servizos Sociais e promoción social	15.366.627	9,0%	3.380.532	4,0%	2.385.000	3,2%	16.455.986	11,1%	37.588.145	7,8%
	24 Fomento do Emprego	1.571.072	0,9%	8.380.883	10,0%	1.512.684	2,0%	4.480.408	3,0%	15.945.047	3,3%
<b>3</b>	<b>PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER</b>	21.548.915	12,6%	13.068.641	15,6%	9.439.697	12,5%	23.381.758	15,8%	67.439.011	14,1%
	31 Sanidade	120.000	0,1%	0	0,0%	2.521.741	3,3%	0	0,0%	2.641.741	0,6%
	32 Educación	5.328.067	3,1%	2.155.297	2,6%	549.600	0,7%	2.012.711	1,4%	10.045.676	2,1%
	33 Cultura	11.795.197	6,9%	6.872.807	8,2%	4.056.550	5,4%	12.044.924	8,1%	34.769.479	7,3%
	34 Deporte	4.305.650	2,5%	4.040.537	4,8%	2.311.805	3,1%	9.324.123	6,3%	19.982.115	4,2%
<b>4</b>	<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO</b>	52.091.127	30,4%	18.929.174	22,6%	22.895.134	30,2%	30.890.868	20,8%	124.806.303	26,0%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	3.197.120	1,9%	1.977.634	2,4%	1.070.771	1,4%	6.562.409	4,4%	12.807.934	2,7%
	42 Industria e enerxía	255.930	0,1%	0	0,0%	1.860.000	2,5%	5.500	0,0%	2.121.430	0,4%
	43 Comercio, turismo e PEMES	1.804.000	1,1%	2.120.360	2,5%	0	0,0%	3.288.497	2,2%	7.212.857	1,5%
	44 Transporte público	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%
	45 Infraestruturas	46.207.474	27,0%	14.291.776	17,0%	19.964.363	26,4%	20.889.462	14,1%	101.353.076	21,1%
	46 Investigación, desenvolvemento e	116.000	0,1%	304.000	0,4%	0	0,0%	5.000	0,0%	425.000	0,1%
	49 Outras actuacións de carácter económico	510.603	0,3%	235.404	0,3%	0	0,0%	140.000	0,1%	886.006	0,2%
<b>9</b>	<b>ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL</b>	66.743.920	39,0%	21.599.868	25,7%	15.065.807	19,9%	48.574.697	32,7%	151.984.293	31,7%
	91 Órganos de goberno	2.243.053	1,3%	2.661.217	3,2%	3.177.541	4,2%	2.790.400	1,9%	10.872.211	2,3%
	92 Servizos de carácter xeral	20.064.954	11,7%	14.786.840	17,6%	9.859.258	13,0%	13.404.113	9,0%	58.115.165	12,1%
	93 Administración financeira e tributaria	15.785.914	9,2%	3.827.769	4,6%	2.029.009	2,7%	10.577.401	7,1%	32.220.093	6,7%
	94 Transferencias a outras Administracións	28.650.000	16,7%	324.041	0,4%	0	0,0%	21.802.783	14,7%	50.776.824	10,6%
<b>0</b>	<b>DÉBEDA PÚBLICA</b>	0	0,0%	6.676.576	8,0%	4.288.974	5,7%	13.573.072	9,1%	24.538.622	5,1%
	01 Débeda Pública	0	0,0%	6.676.576	8,0%	4.288.974	5,7%	13.573.072	9,1%	24.538.622	5,1%
	<b>TOTAL</b>	<b>171.334.100</b>	<b>100,0%</b>	<b>83.899.430</b>	<b>100,0%</b>	<b>75.707.000</b>	<b>100,0%</b>	<b>148.430.050</b>	<b>100,0%</b>	<b>479.370.583</b>	<b>100,0%</b>

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, , presentan unha cifra de 66,2 millóns que representa o 14% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións

de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2015, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, a 23, con máis da metade do importe da área e o 8% do total de gastos.

No orzamento ourensán a área 2, cun importe de 37,6 millóns d euros, non reflicte unha porcentaxe similar ao conxunto, senón só un 3%, e sendo a área de gasto de menor importe do seu orzamento.

A área de gasto 1 Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 44,4 millóns que representan o 9% do total, destacando a política de gasto destinadas ao benestar comunitario, a 16, con 23,4 millóns e o 5% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 27% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto, destacando que o importe da política de gasto de benestar comunitario lle representa case a cuarta parte dos seus gastos. Isto reflicte unha gran diferenza entre os catro orzamentos provinciais no que atinxe tanto a esta área, como ao benestar comunitario, xa que no outro extremo do reflectido en Ourense, destaca o orzamento coruñés no que a única política de gasto que alcanza o 1% é a de medio ambiente, sen reflectir importes destinados ás políticas de gasto 15 e 16, desta área nº 1.

Por último, a Débeda pública segue a ter un considerable peso porcentual na composición dos gastos por programas, aínda que menor ca en anos anteriores, cunha contía de 25 millóns de euros dos catro orzamentos en total, absorbe o 5% do total de gastos. Comprende os gastos de xuros e amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasionen a formalización das mesmas.

A porcentaxe de gastos destinados á débeda pública flutúa entre o 9% do orzamento da deputación de Pontevedra mentres que no outro extremo sería o da Coruña que non consignación inicial destinada ao pagamento da débeda.

### **III.1.1. VARIABLES DE GASTOS en relación coa poboación provincial**

O total de gastos coincide co total de ingresos ao presentarse os orzamentos equilibrados. A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 48,5 €/hab., case igual ao dato de

2014, de media de Galicia, situándose por encima deste dato as cifras dos orzamentos de Ourense (con 87€) e Lugo (con 76€), as provincias de menor poboación. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante nos últimos anos, con 34€/habitante.

No relativo ao peso relativo deste capítulo na composición dos gastos, dicir que presenta unha media do 27 inferior nun punto porcentual á dos últimos anos, que reflicte unha vez máis a política de redución orzamentaria das conta públicas. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, xa que co 36%, supera en 14 puntos porcentuais a porcentaxe de Coruña, que é a de menor porcentaxe. Por outra banda as porcentaxes das dúas restantes aproxímanse ao dato da media, ao redor do 28%.

<b>VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS</b>					
<b>GASTOS</b>					
	Euros por habitante e porcentaxes				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	152,0	263,8	243,3	156,9	178,2
Gastos de Persoal (Cap I)	34,1	75,6	87,0	43,1	48,5
% GP/GT	22,4%	28,6%	35,8%	27,5%	27,2%
Operacións Correntes (I ao V)	91,2	164,5	168,3	104,7	114,0
% OC/GT	60,0%	62,4%	69,2%	66,8%	64,0%
Operacións de Capital (VI+VII)	37,9	69,6	63,6	36,0	44,2
% OC/GT	24,9%	26,4%	26,1%	23,0%	24,8%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	23,0	29,6	11,1	16,1	20,1
% OF/GT	15,1%	11,2%	4,6%	10,3%	11,3%


As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o novo capítulo do Fondo de continxencia ) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, con 165 e 168€/hab. respectivamente, as que superaron a media, que se sitúa nos 114 €/hab. (3 € por encima do dato de 2014); mentres que A Coruña presenta a cifra máis baixa, 91€/hab.

Como consecuencia do elevado peso dos gastos de persoal na composición de gastos, foi na Deputación de Ourense onde se reflectiu a maior porcentaxe de gastos correntes sobre o total, cunha porcentaxe do 69%, que xunto á porcentaxe do orzamento da Pontevedra, foron as que superaron a porcentaxe media (64%), que tivo un incremento respecto a do ano 2013. En Lugo e Pontevedra a porcentaxe rolda o 62%.



Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos segue sendo, como en anos anteriores, a de Lugo, con 69,6 €/hab.. En 2015 xa non é tan acusada a diferenza entre os datos duns orzamentos, manifestando dúas bandas de valores: Lugo e Ourense por encima da medida, con valores en torno aos 67€/hab. e as outras dúas por debaixo da media e menos de 38€/hab.

O orzamento de Lugo, co 26,4% dos seus gastos destinados a operacións de capital, por encima tamén da porcentaxe deste agregado para a media de Galicia. cunha escasas variabilidade xa que roldan entre ese porcentaxe citado e o 23% de Pontevedra.



Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), acadan os 20€ por habitante, 2€ máis que en 2014. Destaca o resultado reflectido no orzamento lucense para as operacións financeiras xa que superan a media de Galicia con 29,6 €/hab. A distancia atópanse os datos do resto de orzamentos provinciais en termos de importe por habitante, mesmo no de Ourense que é a provincia de menor poboación.


En 2015 redúcense as distancias nesta variable, reflectindo Ourense o menor valor.

A porcentaxe destas operacións sobre o total de gastos é a menor das variables aquí descritas, concretamente do 11% para a media de Galicia, manifestando nesta porcentaxe

importantes cambios respecto doutros anos como xa se viu anteriormente, sendo o caso de Coruña o máis salientable.

### III.1.2. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2005-2015

A tendencia observada nos últimos once anos nos gastos de persoal, capítulo I, reflicte unha traxectoria continua e crecente, nos primeiros anos do período analizado, ata chegar a 2010, ano a partir do cal se produciron descensos continuados agás o incremento manifestado en 2013.




A grandes trazos, obsérvase que a taxa de incremento interanual media nos 11 anos do período ascende ao 1,6% para a suma das catro deputacións, que evidencia un maior ritmo de crecemento que o volume orzamentario, que foi do -0,1%.

#### GASTOS DE PERSOAL


Milións de euros

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Inc. interanual medio
A Coruña	30,9	32,5	33,8	36,3	36,7	36,9	40,2	38,7	38,3	38,2	38,4	2,2%
Lugo	26,4	27,3	29,6	34,4	35,9	37,0	26,3	25,1	25,0	25,4	25,6	-0,3%
Ourense	22,1	23,8	25,8	28,0	28,3	30,6	31,1	30,3	28,7	28,4	27,7	2,3%
Pontevedra	33,3	35,1	38,2	41,4	44,7	43,0	44,5	39,9	42,7	40,3	40,8	2,1%
<b>Galicia</b>	<b>112,6</b>	<b>118,7</b>	<b>127,5</b>	<b>140,1</b>	<b>145,6</b>	<b>147,5</b>	<b>142,1</b>	<b>133,9</b>	<b>134,7</b>	<b>132,3</b>	<b>132,5</b>	<b>1,6%</b>


Este maior ritmo de crecemento dos gastos de persoal fronte ao total de gastos, obsérvase para tres deputacións; mentres que, pola contra, a de Lugo presenta uns orzamentos máis austeros e con menor índice de crecemento interanual do capítulo I. Nesta deputación o ritmo de crecemento destes foi do -0,3%, o menor das catro deputacións, aínda é o único no que diminúe este capítulo. Ademais, o importe de gastos de persoal no orzamento lucense desde 2011 supón un retroceso ata a cifra de 2005, sendo a de menor importe de capítulo I.



Como se dicía a traxectoria de gastos de persoal foi crecente ata chegar ao punto de inflexión en 2011 a partir do que se produciron descensos nas catro deputacións, aínda que en Ourense non baixou ata o ano 2012 e en Pontevedra, tiveron un incremento en 2013. En termos xerais, é dicir analizando o período completo (de 2005 ao 2015), as taxas de crecemento interanual medio sen contar a de Lugo, foron similares as restantes deputacións, e fluctuaron entre o 2,1% de Pontevedra a o 2,3 de Ourense.




A porcentaxe ou peso porcentual deste capítulo respecto do total de gastos incrementouse ao longo dos once anos, xa que variou desde o 23% de 2005 ao 27% deste ano. O seu máximo foi en 2011, no que o 30% do total dos orzamentos das catro deputacións ían destinadas ao pagamento de gastos de persoal.



En termos de gastos por habitante, as traxectorias pódense dividir en dous grupos: as cifras de Lugo e Ourense foron claramente superiores ás outras en todos os anos do período 2005-2015. Ambas partían de valores moi semellantes, lixeiramente superiores os de Lugo, ata o ano 2010. Pola contra, nos últimos anos, debido ao forte descenso do capítulo destinado ao pagamento dos gastos de persoal no orzamento de Lugo, os importes no orzamento da Deputación de Ourense foron os máis altos das catro, malia que tamén tiveron descensos nos dous últimos anos.

No outro grupo, partindo de cifras semellantes entre sí, os datos de Coruña e Pontevedra, en todos os anos inferiores ás de Lugo e Ourense, obsérvase unha diverxencia entre os anos 2005 e 2011, para volver a xuntarse os datos en 2012, e en 2014, por mor da caída destes gastos, moi leve na Coruña e máis acusada en Pontevedra, ano a partir do cal a cifra de Coruña non varía, e a de pontevedra diminúe agás o incremento de 2013.

